



Concello de Lugo

ANEXO I – DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

DATOS DO SOLICITANTE OU ENTIDADE SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL	NIF/CIF
EDIFICIO / VIVENDA UNIFAMILIAR	REFERENCIA CATASTRAL

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

DNI/NIE do solicitante ou dos beneficiarios últimos en caso de comunidade de propietarios.
NIF da persoa xurídica de natureza privada ou da entidade solicitante.
DNI/NIE do representante.
NIF da entidade representante.
Escritura pública, certificado ou nota simple rexistral ou calquera outro documento que acredite a titularidade da propiedade ou do usufruto do inmovible, no caso de que o solicitante sexa unha persoa física, unha persoa xurídica de natureza privada ou unha agrupación de persoas propietarias que non consten como titulares catastrais.
Acta ou certificado da persoa titular da secretaría ou administración da comunidade de persoas propietarias, das comunidades de persoas propietarias debidamente agrupadas ou da asemblea da cooperativa, onde conste o nomeamento do representante autorizado para solicitar a subvención, de ser o caso.
Proxecto da actuación que se vaia realizar con memoria xustificativa da actuación, que deberán contar coa conformidade da persoa beneficiaria. A documentación mínima desta memoria será descrición, orzamento desagregado por ámbitos de actuación e planos. Tamén se incluírá o aforro de consumo de enerxía primaria non renovable estimado respecto á situación inicial, o investimento subvencionable e a contía da axuda solicitada. No caso de atoparse nun dos supostos de excepcionalidade total ou parcial do cumprimento da redución da demanda enerxética previsto nas Bases de Convocatoria, deberán xustificalo no dito proxecto ou na memoria e acreditalo cos documentos correspondentes.
Libro do edificio existente. O proxecto ou a memoria deberán vir acompañados do Libro do edificio existente para a rehabilitación ou, na súa falta, dun estudo sobre o potencial de mellora do edificio en relación cos requisitos básicos definidos na Lei da ordenación da edificación e un plan de actuacións no que se identifique a actuación proposta.
Certificado de eficiencia enerxética do edificio existente previo á intervención, rexistrado na Xunta de Galicia.
Certificado de eficiencia enerxética do edificio existente obtido considerando realizadas as actuacións previstas no proxecto, realizado co mesmo programa recoñecido de certificación que o utilizado para o certificado previo á intervención, subscrito por persoa técnica competente, en que se acredite o cumprimento dos requisitos establecidos para a obtención da axuda. Con este certificado xuntaranse os arquivos de cálculo (.xml, .cee ou .hee, etc.) xerados polo programa utilizado para a súa elaboración.
Contrato ou oferta asinada e orzamento desagregado por partidas, medicións, prezos unitarios e totais, co IVE desagregado correspondente e a súa aceptación expresa por parte das persoas beneficiarias. Na folia resumo por capítulos deberá constar a sinatura e selo da empresa, o seu NIF e a data. As características das partidas deste orzamento deberán coincidir coas especificadas no proxecto ou a memoria, e tamén coas descritas no certificado de eficiencia enerxética.
Copia de tres orzamentos, de conformidade co establecido no artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de que o importe correspondente aos custos elixibles da actuación supere a contía de 40.000 euros para obras e/ou 15.000 euros en servizos ou subministracións para o mesmo contratista ou proveedor. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme os criterios de eficiencia e economía, debendo xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.
Solicitude de licenza ou comunicación previa, segundo proceda. Se as obras están iniciadas, licenza urbanística ou comunicación previa cunha declaración responsable de que non foi requirido polo concello para a súa emenda e, ademais, certificado do inicio das obras asinado pola persoa técnica titulada competente ou acta de implantación, asinada e datada pola persoa directora da obra e a empresa construtora e co visto e prace da propiedade ou nº de expediente de licenza municipal.
Reportaxe fotográfica, preferentemente en cor, de todas aquelas zonas que se van ver afectadas polas actuacións de rehabilitación, así como da fachada principal do edificio.
No suposto das empresas arrendatarias ou concesionarias dos edificios, así como cooperativas previstas no punto 1.4.1 e) das bases, contrato vixente que lles outorgue a facultade expresa para acometer as obras de rehabilitación obxecto do programa.

ANEXO I (continuación 1)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (continuación)

Anexo II, de comprobación de datos das persoas partícipes nas obras e interesadas na subvención (deben presentarse tantos anexos II como vivendas e locais partícipes e interesados na subvención se sinalen na solicitude oficial ou nos anexos III e IV que se achegará xunto co DNI dos partícipes, escritura pública, certificado ou nota simple rexistral ou calquera outro documento que acredite a titularidade da propiedade ou do usufruto do inmovible).
Anexo III, se é o caso, de certificado da persoa secretaria ou administradora co acordo da comunidade de persoas propietarias ou da agrupación de comunidades de persoas propietarias constituídas conforme o disposto no artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre propiedade horizontal, ou da asemblea da cooperativa, polo que se aproba a execución das obras de rehabilitación obxecto das axudas, onde conste o nomeamento da persoa representante autorizada para solicitar a subvención.
Para os anexos III e IV, indícase a/as empresa/s que realizara/n a/as obras e o/os orzamentos, no caso de que os custos elixibles superen os 40.000€, documentación que acredite a elección entre 3 orzamentos.
Anexo IV, se é o caso, de certificado do acordo da agrupación de persoas físicas, de persoas xurídicas de natureza privada ou de persoas físicas e de persoas xurídicas de natureza privada ou declaración da comunidade de bens, propietarias no seu conxunto do edificio obxecto da actuación, que reúnan os requisitos establecidos no artigo 396 do Código Civil e non outorgasen o título constitutivo de propiedade horizontal, onde se acorda a execución das obras, se nomea unha persoa representante da agrupación, con poderes bastantes, debendo especificar a relación das persoas copropietarias, con indicación dos compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención que se vai aplicar por cada un deles.
Avaliación favorable de adecuación ou declaración responsable do cumprimento do principio de «non causar un prexuízo significativo ao ambiente» (DNSH), no sentido establecido no punto 6) do artigo 2 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. No caso de optar pola declaración responsable, axustarase ao contido do anexo V.
Anexo VI, de declaración de compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar o obxecto dextensión, e de ausencia de conflito de intereses en relación coa execución e actuacións do PRTR. DACI.
Anexo VII, de declaración de cesión e tratamento de datos persoais en relación coa execución e actuacións do PRTR.
No caso de que se identifiquen, ao abeiro do ordinal sexto, situacións de vulnerabilidade económica nas persoas físicas propietarias ou usufrutuarías de vivendas e interesadas na axuda adicional, deberá presentarse coa solicitude, de ser o caso, a seguinte documentación:
Anexo VIII, de declaracións responsables e comprobación de datos das persoas físicas propietarias ou usufrutuarías das vivendas e das persoas integrantes das súas unidades de convivencia e comprobación de datos das persoas físicas interesadas na axuda adicional por situación de vulnerabilidade económica (deben presentarse tantos anexos VIII como persoas físicas interesadas na axuda adicional se sinalen na solicitude oficial ou no anexo II). Aportar o DNI das persoas integrantes da unidade de convivencia.
Declaración do imposto da renda das persoas físicas da unidade de convivencia.
No suposto de que non presentase declaración do imposto da renda das persoas físicas:
☐ Certificado de imputacións do IRPF. ☐ Certificados bancarios de rendementos do capital mobiliario. ☐ No caso de que perciba algunha das rendas exentas previstas no artigo 7 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, deberá aportar certificados da entidade/s pagadora/s.
No suposto de nai xestante, certificado médico ou documentación acreditativa de tal estado.
Certificado acreditativo de adopción en trámite.
Certificado ou volante de empadramento da persoa física solicitante e interesada na subvención, así como das persoas integrantes das súas unidades de convivencia, en caso de opoñerse á consulta de datos.
Certificado de discapacidade da persoa física solicitante ou, de ser o caso, das persoas físicas interesadas na subvención, así como das persoas integrantes das súas unidades de convivencia, no suposto de que declarase atoparse en situación de vulnerabilidade económica.
Documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa física ou xurídica de natureza persoal, ou entidade solicitante, se é o caso.

SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de